# Adaptación DA PROGRAMACIÓN Didáctica. cURSO 2019/2020

cENTRO: ceip a rúa

CURSO: EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias Clave |
| 1ºEFB1.1.1 | Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | CSC<br>CAA<br>CSIE |
| 1ºEFB1.3.2 | Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | CSIE<br>CAA<br>CCEC<br>CSC |
| 1ºEFB1.3.3 | Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | CSC<br>CSIE<br>CAA |
| 1ºEFB2.2.1 | Coñece e identifica as partes do corpo propias. | CAA<br>CSC |
| 1º EFB2.2.2 | Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable. | CAA<br>CSC |
| 1º EFB6.1.2 | Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. | CAA<br>CSIE<br>CSC |
| 2º EFB1.1.3 | Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| 2º EFB1.3.2 | Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | CSIEE<br>CAA<br>CCEC<br>CSC |
| 2º EFB1.3.3 | Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | CSC<br>CAA |
| 2º EFB2.2.2 | Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. | CSC<br>CAA |
| 2º EFB3.1.1 | Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. | CSC<br>CCEC<br>CAA |
| 2ºEFB3.1.3 | Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados. | CSC<br>CCEC CAA |

| | | |
|---|---|---|
| 2º EFB6.1.2 | Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. | CSC<br>CSIEE<br>CAA |
| 3º EFB1.1.3 | Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| 3º EFB1.3.1 | Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | CSIEE<br>CAA<br>CCEC<br>CSC |
| 3ºEFB1.3.5 | Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| 3º EFB2.2.2 | Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado | CSC<br>CAA |
| 3º EFB3.1.3 | Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes. | CSC<br>CCEE<br>CAA |
| 3º EFB6.1.2 | Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. | CAA<br>CSIEE<br>CSC |
| 4º EFB1.1.3 | Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | CSC<br>CAA<br>CSIE |
| 4º EFB1.3.1 | Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.. | CSC<br>CAA |
| 4ºEFB3.1.1 | Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físicodeportivas e artísticoexpresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. | CSC<br>CCE<br>CAA |
| 4º EFB3.1.2 | Realiza a habilidade motriz do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artísticoexpresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros esp.-temp. | CSC<br>CCE<br>CAA |

| | | |
|---|---|---|
| 4º EFB3.1.5 | Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies | CSC<br>CCE<br>CAA |
| 4ºEFB5.1.3 | Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. | CSC<br>CAA |
| 4º EFB6.1.2 | Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. | CSC<br>CSIE<br>CAA |
| 5º EFB.1.1.3 | Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| 5º EFB.1.3.1 | Ten interese por mellorar a competencia motriz. | CSC<br>CAA |
| 5º EFB.1.3.3 | Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | CSC<br>CSIEE<br>CAA |
| 5º EFB.3.1.1 | Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. | CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |
| 5º EFB.3.1.3 | Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes. | CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |
| 5º EFB.3.1.5 | Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| 5º EFB5.1.3 | Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| 5º EFB6.3.2 | Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. | CMCC<br>CAA<br>CSC |
| | | |

| | | |
|---|---|---|
| 6º EF1.3.1 | Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. | CSC<br>CAA |
| 6º EF1.3.3 | Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | CSC<br>CSIEE<br>CAA |
| 6º EF3.1.1 | Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. | CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE |
| 6º EF3.1.3 | Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. | CSC<br>CCEE<br>CAA<br>CSIEE |
| 6º EF3.1.5 | Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| 6º EF5.1.2 | Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). | CSC<br>CAA<br>CMCC |
| 6º EF5.2.3 | Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. | CAA<br>CSIEE<br>CSC |
| 6º EF6.1.2 | Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais. | CAA<br>CSIEE<br>CSC |

## 2. Avaliación e cualificación

De acordo coas *Instruccións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación deste terceiro trimestre será continua e terá un carácter diagnóstico e formativo. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das clases só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.
O profesorado adaptará o sistema de avaliación, co obxectivo de que o alumnado poida continuar avanzando na súa formación, tendo especialmente en conta a situación dos estudantes máis vulnerables.
A repetición de curso será excepcional e proporase unicamente nos casos, debidamente xustificados, de alumnado cun historial académico de dificultades de aprendizaxe para o que a permanencia no mesmo curso sexa a medida que mellor lle permita progresar no desenvolvemento das competencias recollidas no currículo.
O profesorado emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polo seu alumnado no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación dos mesmos. Estes informes serán tidos en conta de cara á programación do curso 2020-2021.

| | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos**:<br>Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise das producións do alumnado, observación sistemática, intercambios orais co alumnado, cuestionarios e probas específicas.<br>Para o terceiro trimestre utilizaremos a análise das producións do alumnado e o intercambio oral ou escrito con eles, tendo especialmente en conta as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado e para as súas familias, e a vulnerabilidade emocional que provoca o confinamento. |
| | **Instrumentos**:<br>Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:<br>• Análise das producións do alumnado: textos escritos, textos orais, resolución de problemas, cadernos de clase, producións plásticas, producións musicais, producións motrices..<br>• Observación sistemática: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas...<br>• Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común...<br>• Cuestionarios: probas orais, probas escritas.<br>• Probas específicas<br>Para o terceiro trimestre, de acordo co explicado no apartado anterior, empregaremos a análise das producións do alumnado, a súa participación nas propostas programadas e o intercambio oral ou escrito con eles. |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br><br>Para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso, valoraremos especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas neste documento que foron traballadas durante os dous primeiros trimestres, e serán o contido das propostas de repaso, recuperación e reforzo programadas para o terceiro trimestre.<br><br>A cualificación final será a nota media entre as cualificacións do primeiro e do segundo trimestre do curso, engadindo a valoración das actividades desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terá en conta na cualificación final. |

| 3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Debido á situación de crise actual provocada pola aparición do COVID19 as actividades que propostas ao alumnado son, obviamente, por vía telemática a través do correo-e do departamento de E.F.<br>Estas propostas son actividades xenéricas para traballar coa familia e en moitos casos con poucas posibilidades de poder facelas no exterior.<br>Algúns exemplos de actividades propostas:<br><br>https://view.genial.ly/5e70f8bbbc60c602d6e8f541/presentation-efecto-vida-1o-y-2o<br><br>https://my.pcloud.com/publink/show?code=XZLOpMkZrzRY9w9oV9YJx8mqflryAyewuM0y<br><br>https://view.genial.ly/5e71dc10c661be7eee49a19e/game-breakout-ef-en-casa-jose-manuel-vega-copia<br><br>https://my.pcloud.com/publink/show?code=XZcSJMkZ47YQmNR2MqXWp9LY4GEigjcbWQhy |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía consiste en mandar ditas propostas a través dos titores por vía telemática e tamén a través do blog do colexio.<br>Non nos consta que haxa alumnado con falta de conectividade. |
| **Materiais e recursos** | Os materiais que a traballar son: fichas en formato pdf e videos de youtube básicamente.<br>Os exemplos dos materiais empregados pódense observar no apartado de actividades. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias.<br>Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación. |
| **Publicidade** | Esta adaptación da Programación do curso 2019-2020 será publicada na web do centro. |